



FACULTADE DE FILOLOXÍA

---

Boletín 3

25-29 setembro de 2023

---

---

## **Actividades Académicas**

**TÍTULO:** Convocatoria de asignación de TFG dos graos da Facultade de Filoloxia.

**DESTINATARIOS/AS:** Estudantado da Facultade de Filoloxía

**ORGANIZACIÓN:** Decanato

**DATA/S:** Prazo de solicitude de liña temática e titor/a do 18 ao 29 de setembro.

**ENDEREZO DE CONTACTO:** <https://www.usc.gal/es/centro/facultad-filologia/tfg>

---

# Actividades Académicas

TÍTULO: Obradoiros de Humanidades Dixitais

DESTINATARIOS/AS: Estudiantes, persoal en formación, investigadores

ORGANIZACIÓN: Grupo de Investigación Humboldt

DATA/S: 20 de setembro, 21 de setembro, 18 e 19 de outubro e 26 e 26 de outubro

ENDEREZO DE CONTACTO: victor.millet@usc.es

DESCRICIÓN:

Queres mergullarte nas Humanidades Dixitais? Coñeces as ferramentas que se integran nelas? Xa sabes algo e queres profundizar? As ferramentas dixitais para traballos en humanidades xa son unha realidade tanto en investigación como no ámbito empresarial. Saber usalas pode abrirche posibilidades no ámbito académico, ademais de aumentar a túa empregabilidade. Na cuarta edición ofertamos obradoiros sobre XML, XPATH e R, ademais dun obradoiro no que se buscan as ferramentas que faltan.

## Obradoiros de Humanidades Dixitais – Outono 2023 (4ª ed.)

Queres mergullarte nas Humanidades Dixitais? Coñeces as ferramentas que se integran nelas? Xa sabes algo e queres profundizar? As ferramentas dixitais para traballos en humanidades xa son unha realidade tanto en investigación como no ámbito empresarial. Saber usalas pode abrirche posibilidades no ámbito académico, ademais de aumentar a túa empregabilidade. Apúntate á cuarta edición dos obradoiros, na ofertamos un repertorio de linguaxes e aplicacións: XML, XPATH e R. Péndelle o medo a estes nomes, os expertos docentes vanche ensinar que é todo moito máis fácil do que pensas.

### Requisitos

- Seren investigador/a ou estudante en cursos avanzados, preferentemente de Filoloxía
- Ter e traer portátil propio e instalar o software que se indicará en cada caso

### Prazas e inscrición

- As prazas dispoñibles para cada curso son limitadas. **É obrigatorio inscribirse previamente.**
- Data límite inscrición obradoiro 2: 18 de setembro.
- Pódese facer inscrición por obradoiro (non é preciso facélos todos)
- Inscrición obradoiros 1 e 2: mail a Lola Mosquera [lola.mosquera.sanchez@usc.es](mailto:lola.mosquera.sanchez@usc.es)
- Inscrición obradoiro 3: mail a María José Domínguez [majo.dominguez@usc.es](mailto:majo.dominguez@usc.es)
- Inscrición obradoiro 4: mail a Victor Millet [victor.millet@usc.es](mailto:victor.millet@usc.es)

### Programa

Nº	Data	Horario	Obradoiro	Imparte	Idioma
1	20 setembro	16:00 – 18:00; Aula B06	Conferencia: <i>From Basic to R: Digital Research in Linguistics</i>	José Manuel Fradejas (UVA)	ENG
2	21 setembro	16:00 – 18:00; Aula B06	Workshop: <i>A Hands-on workshop in R for Humanists</i>	José Manuel Fradejas (UVA)	ENG
3	26 e 27 outubro	26: 17:30 – 19:00; Aula: B10 27: 09:30 – 13:30; Aula: B13	Workshop: <i>Tell us which resources don't yet exist!</i> (só para estudantes e persoal en formación)	Carlos Valcárcel (UVigo) / María José Domínguez (JSC & EMLex) / Isaac González (EMLex)	ENG
4	18 e 19 de outubro	16:00 – 19:00; Aula D14	Workshop: <i>Introducción á codificación de textos en XML/TEI, e ao uso de XPATH</i>	Victor Millet (JSC)	ESP

### Organiza

Grupo Humboldt GI-1920



# Actividades Académicas

TÍTULO: Conferencia. Impartida pola poeta irlandesa Dairena Ní Chinnéide. Título "Posthumanist Intimations: Landscape, Language and Identity"

DESTINATARIOS/AS: Toda a Facultade

AXENTE QUE INFORMA/ORGANIZA: Actividade resultante do proxecto I+D+I "Post-Human Intersections in Irish and Galician Literatures" PID2022-136251NB-I00, financiado por MCIN/AEI/10.13039/501100011033/ e "ERDF A way of making Europe", en colaboración co grupo de investigación Discourse & Identity (ED431C 2019/01)

DATA/S: Luns, 25 de setembro de 2023

LUGAR: aula C12 da Facultade de Filoloxía (USC)

HORARIO: 10:00

ENDEREZO DE CONTACTO: manuela.palacios@usc.es  
(

LECTURE BY:  
DAIRENA NÍ CHINNÉIDE

**POSTHUMANIST  
INTIMATIONS**  
LANDSCAPE, LANGUAGE AND IDENTITY

SEPTEMBER 25, 2023  
10:00  
ROOM C12  
FACULTADE DE FILOLOXÍA, USC

This activity is part of the project I+D+I "Post-Human Intersections in Irish and Galician Literatures" PID2022-136251NB-I00, funded by MCIN/AEI/10.13039/501100011033/ and "ERDF A way of making Europe"

In collaboration with the research group Discourse & Identity (ED431C 2019/01)

XUNTA DE GALICIA USC

# Actividades Académicas

TÍTULO: II Xornada sobre Variación e Cambio Lingüístico

ORGANIZACIÓN: Grupo FILGA

DATA/S: 9 de outubro de 2023

LUGAR: Salón de Graos da Facultade de Filoloxía da USC

HORARIO: 9:30 horas

CONTACTO: [marta.negro@usc.gal](mailto:marta.negro@usc.gal)

LIGAZÓN Á PÁXINA WEB OU REDE SOCIAL:

<http://ilg.usc.gal/gl/II-xornada-variacion-cambio>

DESCRICIÓN: Do 1 ao 30 de setembro encóntrase aberto o prazo de inscrición para asistir á II Xornada sobre Variación e Cambio Lingüístico, organizada polo Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela e o Centro de Línguas, Literaturas e Culturas da Universidade de Aveiro. Na páxina do evento, centrado este ano no estudo da variación e do cambio lingüístico en espazos urbanos, pode efectuarse a inscrición e consultar o programa definitivo, conformado por traballos de investigadores e investigadoras de diversos puntos da península.

II XORNADA  
SOBRE VARIACIÓN E  
CAMBIO LINGÜÍSTICO

9 DE OUTUBRO  
FACULTADE  
DE FILOLOXIA  
USC

Información  
Inscripción

Organizadora USC  
Universidade de Aveiro cllc Centro de Línguas, Literaturas e Culturas  
KUNTA DE GALICIA

---

# Outras informacións

**TÍTULO DA INFORMACIÓN/ACTIVIDADE:**  
Curso de formación Biblioteca de Filoloxía

**ORGANIZACIÓN:** Biblioteca

**DATA/S:** 25 de setembro ao 23 de outubro

**ENDEREZO DE CONTACTO:** [daniel.cuevas@usc.es](mailto:daniel.cuevas@usc.es)

**DESCRICIÓN:**

Cursos de Competencias en Información. Nivel básico. Humanidades

Bibliotecas de Filoloxía, Filosofía e Xeografía e Historia  
**CURSOS DE FORMACIÓN 2023/2024**

**Competencias en información.**  
**Nivel Básico. Humanidades**

**Matriculación:** do 18/09/23 ao 02/10/23

**Actividade:** do 25/09/23 ao 23/10/23

**Dirixido a:** alumnado dos primeiros cursos do Grao

**Onde:** no Campus virtual da USC

**Obteño:** curso gratuito, crédito ECTS, diploma da biblioteca

Máis información e acceso á matrícula na nosa web (QR)



# Actividades Culturais

TÍTULO: Convocatoria de proxectos colaborativos  
2023/2024

DESTINATARIOS/AS: Facultade

ORGANIZACIÓN: Decanato

DATA/S: 15 de outubro (data límite para o envío de  
propostas)

ENDEREZO DE CONTACTO: [filoloxia.decanato@usc.gal](mailto:filoloxia.decanato@usc.gal)

DESCRICIÓN: Abrimos a convocatoria de proxectos  
colaborativos que poderán solicitar grupos integrados por  
diferentes persoas de Facultade. Os proxectos serán  
culturais, de docencia, investigación ou transferencia e  
durarán todo o curso académico.



## CONVOCATORIA DE PROXECTOS COLABORATIVOS

### Que é un proxecto colaborativo?

Un proxecto colaborativo caracterízase porque unha persoa ou grupo de persoas (estudantes, PDI ou PAS da facultade) propón unha actividade que envolve outros membros da facultade interesados nesta, e que dura no tempo. Para que unha actividade deste tipo se poida levar a cabo, a persoa ou grupo propoñente terán que axudar a dinamizar a constitución do grupo que vai levar a cabo a actividade, definindo tamén o perfil e as principais características desta.

### Modalidades de proxectos colaborativos

- a) culturais
- b) de docencia, investigación ou transferencia

### Prazo e enderezo para o envío das propostas

[filoloxia.decanato@usc.gal](mailto:filoloxia.decanato@usc.gal) ata o 15 de outubro

### Que debes enviar?

- 1) unha pequena descrición da actividade, na que se inclúan os principais obxectivos
- 2) a súa periodización
- 3) os detalles sobre eventuais necesidades lóxicas e financeiras
- 4) tipo de participantes: toda a comunidade, PDI, PAS, estudiantado, e, mesmo, persoas alleas á facultade, caso, por exemplo, da veciñanza de Vista Alegre ou de Vite.

### Avaliación e comunicación de resultados

As propostas da modalidade a) serán tratadas no ámbito da Comisión de Actividades culturais. As da b) serán ou derivadas a algunha Comisión da Facultade que teña entre as súas competencias asuntos relacionados coa proposta ou polo Equipo Decanal en diálogo coas persoas propoñentes.

Analizadas as propostas e no sentido que se acorde nas Comisións ou co Equipo Decanal, será feita a difusión das mesmas, para que, en xeral, en réxime de autoconvocatoria, poidan estas dar comezo, previa constitución dos grupos nas datas e lugares fixados por eles.

# Actividades Culturais

**TÍTULO:** Xornadas ‘Palabra e imaxe ou xeitos de narrar Compostela’

**ORGANIZACIÓN:** USC e estudantado

**DATAS:** 29, 30 e 1 de setembro e outubro

**LUGAR:** múltiples

**HORARIO:** todo o día

**ENDEREZO** DE **CONTACTO:**  
daniel.chapela.duran@rai.usc.es

**LIGAZÓN Á PÁXINA WEB OU REDE SOCIAL:**  
<https://www.usc.gal/gl/xornal/novas/xornadas-palabra-imaxe-profundaran-xeitos-narrar-compostela>

The poster features a background of a dense pile of crumpled and discarded papers, creating a textured, chaotic effect. Overlaid on this background are several red, ribbon-like banners with white text. At the top, a large white rounded rectangle contains the title 'PALABRA E IMAXE OU XEITOS DE NARRAR COMPOSTELA' in bold red letters. Below this, five red banners are arranged diagonally, listing activities: 'OBRADOIROS DE ESCRITA', 'CONCERTOS', 'RUTAS', 'CONFERENCIAS', and 'OBRADOIRO TEATRAL'. At the bottom, another white rounded rectangle contains the dates 'DO 29 DE SETEMBRO AO 1 DE OUTUBRO DE 2023' and the location 'SANTIAGO DE COMPOSTELA' in red. The bottom of the poster features a row of logos for the organizing institutions: USC Vicerreitoría de Estudantes e Cultura, Xunta de Galicia, Centro Dramático Galego, and USC Consello do Estudiantado.

**PALABRA E IMAXE  
OU XEITOS DE NARRAR COMPOSTELA**

OBRADOIROS DE ESCRITA

CONCERTOS

RUTAS

CONFERENCIAS

OBRADOIRO TEATRAL

DO 29 DE SETEMBRO AO 1 DE OUTUBRO DE 2023  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC VICERREITORÍA DE ESTUDANTES E CULTURA XUNTA DE GALICIA CENTRO DRAMÁTICO GALEGO USC CONSELLO DO ESTUDANTADO



# Actividades Culturais

TÍTULO: Día europeo das linguas


DESTINATARIOS/AS: Facultade

ORGANIZACIÓN: Decanato, Biblioteca, CLM, Sebastian Windisch

DATA/S: 26-29 de setembro

LUGAR: Biblioteca da Facultade de Filoloxía

DESCRICIÓN: O día 26 inaugúrase na Biblioteca unha exposición de narrativas breves contos e microrrelatos escritos nas diferentes linguas que se ensinan na Facultade. Na mesma data e lugar terá lugar a presentación da iniciativa Retos lingüísticos.



# Actividades Culturais


TÍTULO: IX Concurso literario Mazarelos (2023)

ORGANIZACIÓN: Decanato, Comisión de Normalización Lingüística

DATA/S: 30 de setembro (data límite para a entrega de orixinais)

ENDEREZO DE CONTACTO:  
[filoloxia.decanato@usc.gal](mailto:filoloxia.decanato@usc.gal)

LIGAZÓN: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/concurso-literario-mazarelos>



The poster for the IX Concurso literario Mazarelos (2023) features a photograph of a stone archway in Mazarelos. The text on the right side of the poster provides details about the competition, including prize amounts and submission deadlines. Logos for USC, the Faculty of Philology, the Galician Language Normalization Commissions, and the Xunta de Galicia are visible at the bottom.

**IX Concurso literario Mazarelos (2023)**

**1.º premio: 600 €**

**2.º premio: 400 €**

**Premio da modalidade de temática científica: 500 €**

**Aberto a todo o estudiantado da USC e a investigadoras/es contratadas/os**

**Prazo de presentación ata 30 de setembro de 2023**

**Información e bases:**  
[www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/concurso-literario-mazarelos](http://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/concurso-literario-mazarelos)  
[www.usc.gal/gl/servizos/snl](http://www.usc.gal/gl/servizos/snl)

USC FACULTADE DE FILOLOXÍA  
COMISSIONS NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA  
XUNTA DE GALICIA

# Actividades Culturais

**TÍTULO :** CineFilo

**ORGANIZACIÓN :** Decanato, Área de Filoloxía Catalá

**DATA/S :** 26 setembro

**LUGAR:** Facultade de Filoloxía

**HORARIO:** 17.00-20.00

**CONTACTO:** dolors.perarnau@usc.gal

**LIGAZÓN Á PÁXINA WEB OU REDE SOCIAL:** CineFilo.USC (Instagram)

## DESCRINCIÓN:

O vindeiro día 26 de setembro, CineFilo comeza a súa primeira sesión cun feliz encontro interartístico entre cinema e poesía: o documental *Días afogados* de César Souto e Luis Avilés, e o micropoemario *Auga a través* de Dores Tembrás.

O coloquio, que contará coa presenza da profesora de literatura galega Chus Nogueira e a propia poeta Dores Tembrás, dará voz ao diálogo entre ambas creacións e reflexionará sobre o asolagamento real e simbólico dunha aldea que volve rexurdir a través da imaxe e a escrita sobre a vida dos seus veciños.

A actividade é aberta e de balde, e está recoñecida pola Facultade de Filoloxía como formación.

Para máis información, podedes seguir a conta Instagram: [@cinefilo.usc](https://www.instagram.com/cinefilo.usc)



**CineFilo**  
Outono 2023  
Martes, 17:00 h - 20:00 h  
Salón de Actos, Facultade de Filoloxía - USC  
Actividade aberta e de balde certificada pola Facultade de Filoloxía

 26/09/23	 17/10/23	 24/10/23
 07/11/23	 21/11/23	 12/12/23

Logos: USC, USC, USC, USC, USC, USC, USC, USC, USC, USC



**CineFilo** presenta  
**Os días afogados**  
Martes 26 de setembro de 2023, 17:00 h  
Salón de Actos, Facultade de Filoloxía - USC  
Actividade aberta e de balde certificada pola Facultade de Filoloxía  
Coa participación de Chus Nogueira e Dores Tembrás




Logos: USC, USC, USC, USC, USC, USC, USC, USC, USC, USC



FACULTADE DE FILOLOXÍA

# A Facultade de Filoloxía está en Twitter e en Instagram!

Instagram



Inicio



Búsqueda



Explorar



facultadefiloloxiausc

Editar perfil

Herramientas de anuncios



5 publicaciones

401 seguidores

169 seguidos

Facultade de Filoloxía da USC

Universidad

Información sobre as actividades académicas e culturais da Facultade de Filoloxía da USC

#filoloxiausc

twitter.com/filoloxia

---

# A biblioteca de Filoloxía está en Instagram e Facebook!



@busc\_filoloxia



@buscfiloloxia

---